





Forma parte dun conxunto constituído polo Pazo e a Torre de San Miguel de Penas. Un corredor une o pazo coa parte alta da igrexa.

O templo era orixinariamente románico do S.XII, aínda que sufriu reformas posteriores como a da espadana, a sancristía ou a ábsida.



Concello de Monterroso
Praza de Galicia, S/N, 27500
Monterroso, Lugo
(+34) 982 377 001
www.monterroso.es

ROMÁNICO EN MONTERROSO

San Miguel de Penas





A igrexa forma parte dun conxunto maior constituído polo pazo e a torre de San Miguel de Penas. Un corredor une o pazo coa parte alta da igrexa. O templo era orixinariamente románico, do S.XII, aínda que sufriu reformas posteriores como a da espadana, a sancristía ou a ábsida. A nave é rectangular e a sancristía e a ábsida cadradas. Os muros que a conforman son de cachotería e cantería de granito e a cuberta de tella a dúas augas. A portada principal é de medio punto, con arquivoltas con columnas acobadadas, fustes dunha peza e capiteis.



O tímpano é alintelado, con mochetas con motivos sinxelos. Románica é a porta sur, moi alta e estreita, con arco interior apuntado e oculto por un lintel. O arco trunfal presenta lixeiro peche no arranque, con dúas arquivoltas de aresta e capiteis esquemáticos. Son abundantes os canzorros que se conservan nas beiras. A portada está rematada cunha espadana barroca de dous vans. No interior consérvase unha pía bautismal do alto medievo. O pazo data do S. XVI, con reformas do XVII y XVIII, pero foi construído na alta idade media.



O conxunto conserva a impronta arquitectónica do que foi o señorío histórico, coa igrexa, a torre e o pazo, cada un deles de etapas diferentes. Ten escudos de armas dos Arias, os Taboada e os Ribadeneira. A planta ten forma de "L", a partir da torre cadrada á que se lle adosa o pazo barroco, construído sobre dependencias anteriores. A Torre, ten tres plantas e destacan as súas fiestras con arcos trebolados. además de varias ventás arqueadas. Dise que estaba comunicada por medio de señais coas torres do castro de Amarante.